Xa aterrizara nas Chozas cando Javi faloume do Monte Seixo e do se santuario mítico. Atraída inmediatamente, contactei co autor do libro que había na casa número 9 (número máxico meigo).
Calros Solla, unido por un fío invisíbel ao monte, prestouse amábelmente a acompañarme á Portalén e contarme das súas historias...Aí foi cando me agasallou o seu segundo libro, aquel que ten mapa.

Un mapa que pouco despois nos orientaría a un grupiño unha noite de mesta néboa e incánsabel chuvia, unha marabillosa noite de ritual comunitario e espiritualidade. Mais esa é outra historia que basta con que cada quen leve no seu corazón.O libro coas marcas da chuvia xa queará para sempre na biblioteca comunitaria das Chozas.

Aquela primeira visita co bardo foi tamén a semente da idea de sinalizar o santuario. Tan fermoso, digno e histórico, e aí estaba ferido polas eólicas. Descubrín que xente que aí chegara tivera dificultades para localizar o Marco do Vento, a Portalén...Ás veces apago a tristura co facer cousas, e Óscar, compa de Chozas, animouse comigo. Daí xurdiu este poste co nome da Portalén e un código para atopar un índice de referencias de información na web (case todas de Calros Solla e da asociación Capitán Gosende, das poucas persoas que incansábelmente loitan polo seu coidado e memoria).

Encantaríanos que a mancomunidade de montes do Seixo ou calquera outra/s persoa/s ou asociación continuarán con este proceso ata completar o santuario completo. Pola nosa memoria, pola nosa espiritualidade...Aí quedou depositada a primeira semente, o primeiro grao.

geekshabeka